

4. CONFEDERACIÓN DE SOCIEDADES CIENTÍFICAS DE ESPAÑA (COSCE)

A Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) tense adherido ao “**Acordo de Transparencia en Experimentación Animal**”, iniciativa promovida pola Confederación de Sociedades Científicas de España (COSCE), coa colaboración da Asociación Europea para a Investigación Animal (EARA) e lanzado o 20 de Setembro de 2016.

Somos conscientes de que a investigación animal desempeña un papel fundamental na observación e estudo dos mecanismos biolóxicos que están implicados en enfermidades e no desenvolvemento de tratamentos médicos e diagnósticos. Sen o uso de animais, non teríamos a maioría dos medicamentos, antibióticos, vacinas e técnicas de laboratorio e cirúrxicas utilizadas en medicina humana e veterinaria.

O traballo científico realizado nos Institutos de Investigación Sanitaria nos que participa o Servizo Galego de Saúde e que contribúe a mellorar a vida das persoas fai uso de animais, por exemplo, en estudos de oncoloxía, cardioloxía, neuroloxía, descubrimento de fármacos, enfermidades metabólicas e enfermidades raras.

Promover o benestar dos animais de experimentación é unha cuestión fundamental para os investigadores que desenvolven o seu traballo no ecosistema sanitario galego, como tamén o é o estrito respecto e cumprimento da lexislación en materia de protección dos animais utilizados para fins experimentais e outros fins científicos, incluíndo o ensino.

O noso obxectivo é acadar os máis altos estándares de benestar animal, non só desde o punto da responsabilidade moral para eles, senón tamén porque non se pode acadar ciencia de calidade sen o benestar animal. Ningún proxecto de investigación que requira o uso de animais pode comezar sen a revisión ética necesaria e aprobación pola respectiva autoridade competente.

ACIS, como instrumento da Consellería de Sanidade con competencias neste campo, ocúpase tamén de colaborar en que tanto o persoal ao coidado dos animais como os investigadores implicados na experimentación teñen a formación e os coñecementos necesarios, e está comprometida en ofrecer os recursos requiridos para o axeitado mantemento dos animais de experimentación en termos de instalacións, mantemento, benestar e coidados veterinarios.

ACIS promove iniciativas de transparencia en experimentación animal, colaborando con intervencións en medios de comunicación ou participando na celebración de debates sobre o tema.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Acordo de
Transparencia
sobre o uso de
animais en
experimentación
científica en
España

Acceso á web